



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 12 DE ABRIL DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administracións da Comunidade Autónoma de Galicia para 2007

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se crea o colexio de educación infantil e primaria de Monterroso (Lugo)
- Decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación de bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental do corredor Brión-Noia

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos



## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a participación e a achega económica da Xunta de Galicia, a través das consellerías de Innovación e Industria, de Educación e Ordenación Universitaria, de Medio Rural e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no padroado da Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo, CETAL
- Acordo polo que se ratifica a Resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral pola que se ordena a interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución da Alcaldía do Concello de Barreiros, de data 2 de marzo de 2007, relativa á inadmisión e rexeitamento do requirimento efectuado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, solicitando a revisión de oficio da licenza municipal outorgada por acordo da xunta de goberno local do Concello de Barreiros, de 18 de outubro de 2006, para a construción de 54 vivendas no lugar de Remior, San Cosme de Barreiros
- Acordo polo que se ratifica a resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, de data 16 de marzo de 2007, pola que se ordena a interposición de recurso contencioso administrativo contra o rexeitamento dos requirimentos efectuados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, solicitando a revisión de oficio das licenzas outorgadas polas resolucións da Alcaldía do Concello de Barreiros de data 27 de novembro de 2002 que conceden dúas licenzas municipais de parcelación urbanística, e as licenzas outorgadas o 19 de decembro de 200 para a construción de 3 vivendas unifamiliares en cada unha das parcelas segregadas
- Acordo polo que se ratifica a resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, de data 27 de marzo de 2007, pola que se ordena a interposición de recurso contencioso administrativo contra o rexeitamento do requirimento efectuado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 10 de xaneiro de 2007, solicitando a anulación das 40 licenzas outorgadas por acordos da xunta de goberno local do Concello de Foz, na sesión de data 29 de marzo de 2006



- Acordo polo que se ratifica a resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, de data 7 de marzo de 2007, pola que se ordena a interposición de recurso contencioso administrativo contra os acordos da xunta de goberno local do Concello de Malpica do Bergantiños, de 29 de setembro de 2005, 25 de xaneiro, 9 de marzo e 25 de maio de 2006, polos que se concede licenza para a construción de varios edificios de apartamentos e vivendas no lugar de Canido, Concello de Malpica de Bergantiños
- Acordo polo que se ratifica a resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, de data 15 de marzo de 2007, pola que se ordena a interposición de recurso contencioso administrativo contra o rexeitamento polo Concello de Fisterra de 5 requirimentos efectuados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes polos que se solicita a revisión de oficio das licenzas municipais outorgadas por acordos da xunta de goberno local do Concello de Fisterra, para a construción de edificios de vivendas en Escaselas, na marxe dereita da Recta da Anchoa, estrada C-552 A Coruña-Fisterra

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza o asinamento dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Preescolar na Casa, para a promoción da formación no ámbito da familia e contribuír á programación da cultura e da lingua galega mediante o programa Preescolar na casa-Educar en familia

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva do convenio ente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso 2007/2008

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a encomenda de xestión da posta en funcionamento dun dispositivo para a realización de traballos de prevención, vixilancia disuasoria e extinción de incendios forestais



## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación que se subscribirá entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Universidade da Coruña, que ten por obxecto a realización da actuación deportiva denominada “Remodelación do complexo de atletismo do INEF de Galicia, situado en Bastiagueiro, Oleiros (A Coruña)”
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente do contrato de obras, mediante concurso aberto e trámite de urxencia, para o acondicionamento e ordenación do Parque arqueolóxico e Centro de interpretación da arte rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra) (2ª fase)

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda 7ª ao contrato-programa asinado o 1 de agosto de 2004 entre o SERGAS e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia para a realización de tipaxes de histocompatibilidade aos doadores de medula ósea e de sangue de cordón umbilical para transplante de proxenitores hematopoéticos de doador non emparentado

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Sobrado dos Monxes para a construción dun punto limpo, por importe de 230.018,66 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Lugo para a execución das obras de “Infraestruturas hidráulicas en parroquias do Concello de Lugo, 1ª fase (Lugo)”
- Acordo polo que se aproba o réxime de financiamento das obras do proxecto de construción de “Abastecementos e saneamentos en Ribas de Sil. Ribas de Sil (Lugo)” cun financiamento do 100 por cento a cargo da Xunta de Galicia
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Fornelos de Montes para a execución das obras “Actuacións de abastecemento na Comunidade Autónoma. Ampliación abastecemento de auga a Fornelos. Fornelos de Montes (Pontevedra)” por importe de 319.556,43 euros



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Santiago de Compostela para a execución das obras: "Mellora das redes de saneamento. Obras de infraestruturas hidráulicas en parroquias do Concello de Santiago de Compostelas. Fase I. Santiago de Compostela (A Coruña)"

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións, no momento da súa concesión, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2007 de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a traballadores ocupados
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo o asinamento dun convenio de colaboración coas centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT Galicia), Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (S.N. de CC.OO de Galicia), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), en materia de promoción de riscos laborais

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a cesión gratuíta a favor do Concello do Carballiño dunha parcela urbana de terreo denominada Monte da Uceira situada no barria de Framia, parroquia de Arcos, Concello e distrito hipotecario do Carballiño
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Celanova para a urbanización dos accesos ao Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado do acordo da Comisión Bilateral de Vivenda, con participación dos concellos, relativa ás áreas de rehabilitación na Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro do Plan de Vivenda 2005-2008



## A XUNTA APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2007, QUE INCLÚE MÁIS DE 1.000 PRAZAS

- Supón un incremento de máis do dobre no relativo ás prazas correspondentes a escalas da Administración xeral e corpos da Administración especial
- Reservará unha porcentaxe do 7% das prazas para persoas con discapacidade
- A oferta pública de emprego inclúe 477 prazas para a Administración xeral repartidas en 374 para corpos xerais e 103 para escalas da seguinte maneira
- Un total de 179 prazas serán para Administración especial (técnicos) e 301 de promoción interna

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público para o ano 2007, que inclúe un total de 1.035 prazas. Esta oferta supón un incremento de máis do dobre, con respecto ao ano pasado, no relativo ás prazas correspondentes a escalas da Administración xeral e corpos da Administración especial.

A oferta de emprego público, presentada pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes. O decreto aprobado hoxe dispón que se durante o exercicio orzamentario de 2007, como consecuencia de reestruturacións, resolución de procesos de provisión ou da publicación de novas relacións de postos de traballo, quedasen máis prazas vacantes poderán incluírse nunha oferta complementaria.

### Persoal de novo ingreso

A oferta de emprego público comprende prazas para persoal de novo ingreso correspondentes a distintos corpos e escalas da Administración xeral e especial e tamén distintas categorías de persoal laboral fixo. Neste sentido, inclúe 477 prazas para a Administración xeral repartidas en 374 para corpos xerais e 103 para escalas da seguinte maneira:

#### Corpos xerais

- Superior da Administración da Xunta (grupo A)	27
- Administrativo da Xunta (grupo C)	39
- Auxiliar da Xunta (grupo D)	103
- Subalerno da Xunta (grupo E)	205

#### Escalas

- Escala superior de estatísticos (grupo A)	4
- Escala superior de finanzas (grupo A)	8
- Escala de inspección urbanística (grupo A)	6
- Escala de letrados (grupo A)	3



- Escala técnica de finanzas (grupo B)	10
- Escala técnica de inspección turística (grupo B)	8
- Escala técnica de inspección de consumo (grupo B)	6
- Escala de xestión de sistemas de información (grupo B)	12
- Escala de subinspección urbanística (grupo B)	13
- Escala técnica auxiliar de informática (grupo C)	33

#### Administración especial

En canto ao número de prazas da Administración especial, a oferta recolle 179 prazas, 86 do corpo facultativo superior da xunta de Galicia e 93 do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia distribuídos do modo seguinte:

#### Corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A)

- Arquitectos/as	14
- Enxeñeiros/as agrónomos	25
- Enxeñeiros/as de camiños, canles e portos	10
- Enxeñeiros/as de minas	2
- Enxeñeiros/as de telecomunicacións	2
- Enxeñeiros/as de montes	11
- Biólogos/as	12
- Facultativos/as de arquivos	5
- Facultativos/as de bibliotecas	3
- Facultativos/as de museos	2

#### Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)

- Enxeñeiros/as técnicos agrícolas	42
- Enxeñeiros técnicos industriais	7
- Enxeñeiros/as técnicos forestais	23
- Arquitectos/as técnicos	2
- Axudantes de arquivos	3
- Axudantes de bibliotecas	11
- Axudantes de museos	1
-Axentes de extensión pesqueira	4

#### Persoal laboral

A oferta recolle igualmente 78 prazas de persoal laboral fixo, 15 do grupo I; 3 do grupo II; 5 do grupo III; e 55 do grupo IV.

#### Grupo I

- Titulado/a superior ambiental	14
- Titulado/a superior especialista	1





Grupo II	
- Técnico/a ambiental	3
Grupo III	
- Axente auxiliar inspección transportes	5
Grupo IV	
- Legoeiro/a	55

#### Promoción interna

No ano 2007 convocaranse 301 prazas en promoción interna independente para os funcionarios dos distintos corpos da Administración xeral da Xunta de Galicia. A distribución de prazas é a seguinte:

#### Corpos xerais

- Superior da administración da Xunta (grupo A)	28
- Xestión da administración da Xunta (grupo B)	19
- Administrativo da Xunta (grupo C)	131
- Auxiliar da Xunta (Grupo D)	120

#### Escalas

- Escala superior de finanzas (grupo A)	3
---	---

#### Cota de acceso para persoas discapacitadas

A oferta de emprego público deste ano eleva a cota de acceso para discapacitados ao 7%, de tal xeito que se reservará esa porcentaxe das prazas para persoas con discapacidade. Cómpre sinalar que ese redondeo establécese á alza, polo que se o resultado da aplicación do 7% dá unha diferenza igual ou superior ao 0,5, computarase como 1. Ademais, establece a preferencia na elección de destino para persoas con discapacidade xustificada por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas.

#### Procesos selectivos de persoal laboral correspondentes a OEP de 2005

Na actualidade quedan pendentes de execución 28 procesos selectivos da oferta de emprego público de 2005. Os exames correspondentes a estes procesos selectivos se comezarán os meses de maio, xuño e xullo. No mes de agosto non se realizarán exercicios, polo que continuarán, naqueles caso en que sexa necesario, no mes de setembro.





A Dirección Xeral de Función Pública publicará na súa páxina web a data da sesión de constitución do tribunal incluíndo o anuncio do lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio.



## O GOBERNO GALEGO DECLARA A UTILIDADE PÚBLICA E A URXENTE OCUPACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA INICIAR AS OBRAS DO CORREDOR BRIÓN-NOIA

- O orzamento global da actuación supera os 60 millóns de euros e 18 quilómetros
- A Consellería de Política Territorial xa publicou no DOG do 29 de marzo o trazado definitivo e o estudo de impacto ambiental da vía
- Trátase dunha infraestrutura fundamental xa que é un treito do eixo principal de comunicación da área de Compostela co litoral das comarcas de Muros e Noia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo corredor Brión-Noia. Con este paso administrativo avánzase cara ao inicio dos traballos da nova vía de alta capacidade que dará continuidade á autovía AG-56 Santiago-Brión, actualmente en obras. Agora iníciase o procedemento expropiatorio, que afectará un total de 1.745 predios dos concellos de Brión, Rois, Lousame e Noia.

A área de ocupación do corredor comprenderá unha franxa de terreo de aproximadamente 18 quilómetros de lonxitude e un largo variable entre os 40 e os 10 metros. Estas expropiacións de bens e terreos suporán o pagamento de 6.531.131,52 euros, cifra que se suma aos máis de 54 millóns de euros que custa a execución da vía, o que supón un orzamento total superior aos 60 millóns de euros. Paralelamente ao proceso expropiatorio, estase a redactar o proxecto construtivo para, unha vez concluído, sacar a concurso as obras de construción do corredor.

A declaración da utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos prodúcese dúas semanas despois de que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes publicase no Diario Oficial de Galicia, o pasado 29 de marzo, o proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental do corredor. A CPTOPT modificou o proxecto inicial (que o anterior Goberno deseñara con características de vía rápida), para convertelo en corredor, o que garante que a nova infraestrutura estea tecnicamente preparada para o seu desdoblamento en autovía cando así o requira o volume de tráfico. Cómpre destacar que se trata dunha infraestrutura fundamental xa que é un treito do eixo principal de comunicación da área de Compostela co litoral das comarcas de Muros e Noia.

### Datos técnicos

A nova estrada arranca do lugar de Gundín, no concello de Brión (concretamente onde remata a autovía AG-56, uns 150 metros ao norte da actual estrada AC-543), e finaliza no lugar da Pasaxe (preto do núcleo de Orro), ao comezo da nova ponte sobre a desembocadura do río Tambre, denominada "Ponte Ceilán", que está situada a dous quilómetros do centro urbano de Noia.



Esta nova infraestrutura contará con tres enlaces: un en Urdilde (no punto quilométrico 3,450), outro en Martelo (no p.q. 7,240) e un terceiro en Sampaio (no p.q. 14,940). Así mesmo, a obra inclúe a construción de dous viadutos sobre os regos de Naveira e dos Pasares (con lonxitudes de 340 e 457 metros respectivamente).

A plataforma do corredor Brión-Noia estará composta por dous carrís de 3,5 metros de largo cada un, un carril adicional de 3,5 metros de largo para vehículos lentos e dúas beiravías de 2,5 metros. Ademais, a infraestrutura está deseñada para que o desdoblamento para unha futura autovía se realice no lado esquerdo do corredor, é dicir, cara ao lado contrario do carril para vehículos lentos, de tal xeito que o corredor manterá a súa estrutura integramente (dous carrís para circulación rápida e un para circulación lenta), ao tempo que manterá a súa funcionalidade durante o transcurso das obras de desdoblamento.



## O OBSERVATORIO GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR FUNCIONARÁ COMO CANLE DE PARTICIPACIÓN DE TODOS OS SECTORES IMPLICADOS

- Este órgano colexiado de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa constituirase en tres niveis: autonómico, provincial e de centros
- Este órgano ten como finalidade analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar
- Entre os seus fins destacan a avaliación sistemática da convivencia nos centros, o establecemento de estratexias para a recollida de información ou o pulo á investigación neste eido, entre outros asuntos
- Haberá un observatorio en cada centro educativo da Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar como órgano colexiado de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar, adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Este órgano terá como finalidade analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar, así como ser canle de participación de todos os sectores con responsabilidades no tema da convivencia.

A LOE recolle entre os principios e fins do sistema educativo español a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Neste senso, e para aplicar as medidas que para o eido educativo establece a Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura de paz e por proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria créase o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

Así, para o cumprimento dos seus fins, corresponden ao Observatorio Galego da Convivencia Escolar as seguintes funcións: avaliar sistematicamente a situación da convivencia nos centros, establecendo estratexias para a recollida da información, análise e difusión dos datos, impulsando a investigación neste eido; propoñer iniciativas de cara á mellora do clima escolar, elevando propostas de actuación á Administración educativa e realizando o seguimento e avaliación destas iniciativas; e informar e asesorar as administracións sobre aspectos normativos relacionados coa convivencia e coas actuacións dirixidas á súa mellora.

Ademais, este decreto establece que o Observatorio Galego da Convivencia Escolar encargarse de propoñer liñas de actuación en materia de formación do profesorado no que respecta á convivencia escolar, promover a elaboración de materiais e recursos e facilitar o intercambio de experiencias; asesorar a comunidade educativa nos temas propios do Observatorio; e elaborar un informe anual sobre a convivencia



escolar. No cumprimento destas funcións, deberá terse en conta, nos casos en que sexa procedente, a perspectiva de xénero, que será especificamente valorada nos informes, avaliacións, iniciativas e propostas de liñas de actuación para previr e tratar a violencia por razón de xénero.

#### Organización en tres niveis

En virtude do decreto aprobado hoxe, o Observatorio organizarase en tres niveis: autonómico, provincial e de centros educativos. Deste xeito, o Observatorio, a nivel autonómico, funcionará en Pleno e en Comisión Permanente, podéndose acordar a creación, ademais, das mesas técnicas de traballo que se coinciden oportunas. O Pleno manterá unha reunión anual de carácter ordinario e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola presidencia, por iniciativa propia ou a proposta, de polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Pola súa banda, a Comisión Permanente do Observatorio autonómico estará integrada por cinco membros do Pleno, elixidos por este, e asistida polo persoal técnico dos sectores implicados para realizar aquelas tarefas do Observatorio que precisen de continuidade. Estará presidida pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en quen delegue.

Ademais, constituirase un Observatorio Provincial da Convivencia Escolar en cada unha das provincias, que funcionará en Pleno. O Pleno manterá dúas reunións anuais de carácter ordinario, en xuño e decembro, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte das persoas membros.

Os Observatorios Provinciais da Convivencia Escolar terán como funcións específicas a elaboración dun informe semestral en que se recolla a análise da convivencia e conflitividade do ámbito da súa provincia, así como as iniciativas provinciais, que será trasladado ao Pleno; a coordinación de actuacións conxuntas das Consellerías implicadas e relacionadas coa mellora da convivencia no ámbito da provincia; e aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Pleno do Observatorio Autonómico da Convivencia Escolar.

Este decreto establece que o nomeamento das persoas integrantes do Observatorio Galego da Convivencia Escolar no nivel autonómico e provincial será competencia da persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta de organizacións, órganos, centros e institucións ás cales pertencen os seus membros. Así, o nomeamento dos membros será por un período de dous anos a partir da data da súa publicación e será renovable por outros dous.



Un Observatorio en cada centro

Segundo recolle o decreto aprobado hoxe, en cada centro educativo da Comunidade galega constituirase un Observatorio da Convivencia Escolar, que funcionará en Pleno. Estes observatorios manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Os observatorios dos centros educativos encargaranse da dinamización do plan de convivencia do centro; a elaboración dun informe semestral sobre a análise da convivencia e conflitividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas no nivel de centro, que será trasladado á Comisión Provincial; a coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia. Ademais, entre as funcións destes órganos está propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.

Os Observatorio da Convivencia Escolar nos centros educativos estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e de profesionais de sanidade, servizos sociais e de asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

Colaboración institucional

A educación para a convivencia democrática, o traballo a favor da cidadanía e os dereitos humanos e a posta en marcha de plans de mellora da convivencia escolar nos centros educativos constitúen obxectivos básicos que a Administración educativa galega quere propiciar de maneira decidida e inequívoca no marco das súas competencias. Dada a súa complexidade e o feito de que son múltiples as causas que poden deteriorar esta convivencia, cómpre facer unha análise rigorosa dos factores que inciden nela e faise necesario promover a multidisciplinariedade á hora de abordalos no ámbito da máxima colaboración institucional para o seu tratamento e prevención.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera que, aínda que lle corresponde a responsabilidade educativa, debe xuntar esforzos coas diversas consellerías con competencias en campos complementarios á súa acción. Así, inclúense nesta orde a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; e a Consellería de Sanidade; tendo en conta que a convivencia pacífica é un dos retos da sociedade actual e que posúe múltiples facetas que precisan da colaboración de distintas instancias.



A posta en marcha deste Observatorio supón unha iniciativa institucional de gran transcendencia no deseño e organización das estratexias que se adoptan para o fomento dunha cultura de paz na cal se pretende integrar a todo o alumnado desde o marco do respecto e a igualdade.





## EDUCACIÓN UNIFICA NUN ÚNICO CENTRO AS ENSINANZAS DE INFANTIL E PRIMARIA DE MONTERROSO ACHEGANDO PRETO DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS

- Integraranse no CEIP de Monterroso os alumnos dos colexios de educación infantil e primaria nº 1 e nº 2, racionalizando a oferta educativa deste Concello en función da previsión de escolarización

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Monterroso (Lugo), con capacidade para 6 unidades de educación Infantil e 12 de Primaria. Deste xeito, unifícanse todas as ensinanzas de educación infantil e primaria desta localidade nun único centro, integrándose no mesmo o CEIP de Monterroso nº1 e o CEIP de Monterroso nº 2, que se suprimen como tales.

A creación deste centro escolar e a conseguinte supresión dos dous centros actuais vén aconsellada pola necesidade de acadar unha máis eficaz e eficiente utilización dos recursos públicos dispoñibles de cara á mellora da oferta escolar e pedagóxica na zona e en función da previsión de escolarización.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria investirá un total de 2.427.292,50 euros, que serán achegados en dúas anualidades con cargo aos seus orzamentos, en gastos de persoal, pois resulta necesario o incremento de tres postos de traballo (77.292,50 euros); e en gastos en obras e equipamento (2.350.000 euros).

Neste senso, a creación dun Colexio de Educación Infantil e Primaria en Monterroso, que ten como obxectivo a unificación dos centros existentes actualmente e a reorganización das ensinanzas neste concello, non comporta incremento de gastos de funcionamento.



## **APROBADO O DECRETO POLO QUE SE CREA A RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO “OS MIÑARZOS” EN LIRA, A PRIMEIRA DE GALICIA**

- Esta iniciativa segue a liña dos obxectivos definidos polo Fondo Europeo da Pesca, tanto no que se refire á protección do medio mariño como a mellorar a calidade de vida nas poboacións pesqueiras
- Para constatar a evolución da reserva e asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos crearase un órgano de xestión, seguimento e control constituído por representantes da administración e do sector
- Ao abeiro do decreto delimitarase xeograficamente esta zona protexida establecendo os límites de uso e prohibicións de pesca na reserva e configurarase un sistema de xestión e participación do sector pesqueiro que opera nesta zona
- Os obxectivos desta reserva mariña son favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros, impulsar a pesca e o desenvolvemento sustentable e conservar a flora e a fauna do medio mariño e a súa diversidade, entre outros
- A reserva establece a delimitación dunha área de interese pesqueiro e de dúas de reserva integral

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro “Os Miñarzos” en Lira – Carnota, impulsada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores de Lira. O obxecto do presente decreto é delimitar xeograficamente esta zona protexida, así como o establecemento dos límites de uso e prohibicións de pesca na reserva e a configuración dun sistema de xestión e participación do sector pesqueiro nel. Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Coa creación desta Reserva Mariña de Interese Pesqueiro, a primeira que se pon en marcha en Galicia, a Consellería de Pesca e o pósito carnotán perseguen protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros, impulsar a pesca e o desenvolvemento sustentable, conservar a flora e a fauna do medio mariño e a súa diversidade, fomentar a sensibilización ambiental sobre o mar, divulgar os valores pesqueiros e ambientais da costa galega e favorecer os estudos científicos sobre as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueirías. Ademais, a creación desta área protexida achegará novas oportunidades socioeconómicas no campo do turismo e do lecer que favorecerán a diversificación das actividades da comunidade pesqueira e a posta en valor dos pescadores e da cultura mariñeira.

Esta iniciativa segue pois a liña dos obxectivos definidos polo Fondo Europeo da Pesca, tanto no que se refire a fomentar a protección do ambiente e dos recursos naturais, como a promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas zonas nas que se exercen actividades vinculadas á pesca.



A reserva establece a delimitación dunha área de interese pesqueiro e de dúas de reserva integral. Así, dentro da zona de interese pesqueiro permitirase a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente empregados na zona (anxois, nasas, enmalle ou a pesca da centola con gancho); a recollida de ourizo, navalla, poliquetos, anémonas e percebe conforme o Plan de Explotación anual aprobado; o marisqueo a pé e a recollida de algas segundo recolla o citado Plan; a mostraxe de flora e fauna mariñas con finalidade científica; a pesca marítima de recreo en superficie, así como o mergullo de lecer nas condicións que regulamentariamente se establezan. Pola súa banda, nas zonas da reserva integral quedará prohibida a práctica da pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades destinadas á toma de mostras autorizadas con fins científicos ou de seguimento da reserva.

De todos modos, no marco do decreto polo que se crea a Reserva Mariña de Lira, para poder acceder á zona protexida de interese pesqueiro exixiranse unha serie de condicións para a práctica das actividades anteriormente nomeadas. En concreto, para a realización de actividades de pesca marítima profesional será necesario estar inscrito nun censo específico de embarcacións autorizadas para faenar e deberán notificar o inicio da actividade e as capturas realizadas no día. A Consellería de Pesca será a encargada de elaborar este censo de embarcacións no que se requirirá necesariamente unha solicitude do interesado, a posesión dos permisos que habilitan á embarcación e que esta teña porto base na Comunidade Autónoma de Galicia. Este censo deberá estar creado nun prazo máximo de 18 meses, contado dende a publicación do decreto.

Para a xestión, control e seguimento da evolución da reserva mariña, así como para asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no presente decreto, crearase o seu órgano de xestión, seguimento e control, que se constituirá nun prazo de seis meses. Este organismo estará composto por tres representantes da Consellería de Pesca, un da Consellería de Medio Ambiente e catro das entidades do sector pesqueiro. Paralelamente, o Servizo de Gardacostas de Galicia elaborará un plan de vixilancia anual da reserva mariña no que se terán en conta as medidas específicas de vixilancia e control propostas polo órgano de xestión.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos será a encargada tamén de pór á disposición do órgano de xestión, seguimento e control os medios necesarios para o bo funcionamento da reserva mariña a través das dotacións orzamentarias que sexan precisas.

### **Proxecto en apoio á Reserva Mariña “Os Miñarzos”**

A organización ecoloxista WWF/Adena, en colaboración coa Universidade da Coruña e coa promoción de Caja Madrid e Telefónica España, presentou o pasado mes de



xaneiro un proxecto de apoio a esta reserva mariña, de tres anos de duración, co que se pretenden facilitar as ferramentas necesarias para un control axeitado da actividade nesta zona. O proxecto consiste na realización dun seguimento diario na evolución das capturas das principais especies da zona e un estudo da biodiversidade co obxectivo de medir o “efecto reserva” e poder, deste xeito, avaliar o éxito da área protexida. Para a posta en marcha desta acción, a organización ecoloxista contará coa colaboración de Pesca e coa Confraría de Pescadores de Lira.



## A XUNTA E A FUNDACIÓN PREESCOLAR NA CASA COLABORARÁN NO ENRIQUECEMENTO DO PAPEL DE PAIS E NAIS NA EDUCACIÓN DOS CATIVOS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o asinamento do convenio entre o departamento autonómico e a Fundación Preescolar na Casa
- No marco deste programa, apóstase pola promoción da cultura e a lingua galega no ámbito da familia

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou o asinamento dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Preescolar na Casa para o desenvolvemento da formación no ámbito da familia, incidindo na promoción da cultura e a lingua galega, mediante o programa Preescolar na Casa - Educar en Familia.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina 356.407 euros ao financiamento deste proxecto, que promove o establecemento de contactos presenciais coas familias para enriquecer e mellorar a educación dos nenos e nenas, e nel poden participar familias con fillos ou fillas de 0 a 6 anos. Así, está dirixido ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas, sobre todo nas súas primeiras etapas, e aposta neste eido pola aprendizaxe e a normalización da lingua galega.

Preescolar na Casa trata de crear actitudes favorables nos pais e nais para que tomen parte activa na educación integral dos seus fillos e fillas, ao tempo que busca mellorar a información que teñen as familias sobre o desenvolvemento da infancia. A través deste programa, organízanse reunións de orientación de carácter quincenal en todos os concellos participantes. Tamén se edita unha revista de periodicidade bimensual e unha páxina web.



## EDUCACIÓN DESTINA PRETO DE 107.000 EUROS AO FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CALVO SOTELO DA CORUÑA

- A Administración educativa garante así o servizo público educativo aos alumnos escolarizados neste centro durante o curso 2007/2008

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso plurianual que deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo da Coruña durante o curso 2007/2008. A Administración educativa inviste un total de 106.925,61 euros nesta acción, que permite continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados neste centro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou en outubro de 1986 un convenio coa Deputación Provincial da Coruña para que o centro de formación profesional Calvo Sotelo funcionase como centro público en réxime de convenio. Asináronse, co mesmo obxecto, diversas addendas e convenios nos sucesivos cursos escolares. A través deste novo acordo, a Administración educativa dá continuidade a este servizo. Para iso, realizará unha achega de 35.641,87 euros en 2007, e 71.283,74 en 2008.

O convenio terá vixencia durante o curso escolar 2007/2008. A percepción das contías é compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Ademais, co obxecto de establecer directrices de traballo e supervisar o desenvolvemento deste acordo, establécese unha comisión de seguimento, que estará integrada por dous representantes da Deputación Provincial, así como polos representantes que se determinen por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A presidencia desta comisión corresponderá á Administración educativa.

O IES Calvo Sotelo oferta Programas de Garantía Social (PGS) e ciclos formativos de grao medio, e conta cun total de 356 estudantes.



## A XUNTA INTERPÓN DIFERENTES RECURSOS CONTENCIOSO ADMINISTRATIVOS CONTRA A CONCESIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS NOS CONCELLOS DE BARREIROS, MALPICA E FISTERRA

- O Consello acordou ratificar a presentación destes contenciosos por parte da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta tras rexeitaren estes concellos os requirimentos da Consellería de Política Territorial para revisar as concesións
- Con esta medida, o Goberno galego vela pola consecución dun modelo de crecemento e desenvolvemento urbanístico ambientalmente sustentable e equilibrado territorialmente

O Consello da Xunta ratificou na súa reunión de hoxe as resolucións ditadas polo director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia polas que se ordena a interposición de recursos contencioso administrativos contra a concesión de diversas licenzas municipais outorgadas polos concellos de Barreiros, Malpica de Bergantiños e Fisterra tras rexeitaren os requirimentos efectuados para tal efecto pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Con estas actuacións, o Goberno galego dá cumprimento ao compromiso de conseguir na Comunidade Autónoma un modelo de crecemento e desenvolvemento urbanístico ambientalmente sustentable e equilibrado territorialmente.

### Barreiros

No que respecta ao municipio lugués de Barreiros, o Consello da Xunta ratificou a interposición de seis recursos contencioso-administrativos que afectan 376 vivendas. Os catro primeiros interpóñense contra o rexeitamento do concello dos requirimentos efectuados pola Consellería de Política Territorial en que solicitaba a revisión de catro licenzas municipais outorgadas ás empresas Promociones A Mariña 2000, S.L. (48 vivendas); Carril Flores S.L. (44 vivendas); Costa Barreiros Molimar, S.L. (51 vivendas) e Promociones Nordés, S.L. (173 vivendas).

Segundo a Asesoría Xurídica, o acordo de concesión destas licenzas incorre en tres causas de nulidade de pleno dereito:

- Outorgamento de licenza sen a previa delimitación do polígono, requisito inescusable para o cumprimento dos deberes de cesión, urbanización e xusta distribución de beneficios e cargas e sen a previa aprobación dun estudo de detalle que fixe as aliñacións e as rasantes.
- Por recoñecer aos propietarios dos terreos dereitos e facultades cando carecen dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- Por outorgar a licenza sen que os terreos reúnan os requisitos para ser considerados solo urbano consolidado nin soar e autorizar un proxecto con incumprimento dos límites de sustentabilidade.





O quinto dos recursos ratificados interponse contra o rexeitamento do concello dos requirimentos efectuados por Política Territorial nos cales solicitaba a revisión da licenza municipal outorgada á empresa Parque Empresarial Melide, S.L., que afecta a un total de 54 vivendas. A concesión desta licenza infrinxe o ordenamento xurídico en tres cuestións:

- No proxecto, a parcela B prevé a apertura dunha vía non previsto nas normas subsidiarias de planeamento municipal de Barreiros.
- A superficie máxima ocupada pola edificación proxectada excede do 70% da superficie do predio.
- Os bloques de vivendas 6, 7, 8 e 9 non cumpren coa tipoloxía de vivenda acaroadada.

O sexto recurso interponse contra o rexeitamento do concello dos requirimentos efectuados por Política Territorial nos cales solicitaba a revisión de dúas licenzas de parcelación urbanística e de seis licenzas para a construción de vivendas nas parcelas segregadas outorgadas a un particular. Nestes casos, a estes terreos éelles de aplicación o réxime do solo rústico previsto na Lei 1/1997, do solo de Galicia, vixente na data do outorgamento das licenzas e que prohíbe expresamente as parcelacións urbanísticas en solo rústico (Art.174.3), ao mesmo tempo que establece que non se poden considerar soares nin se permite edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei, actuación tipificada polo art. 182.2 como infracción urbanística moi grave.

### Malpica

Respecto do Concello de Malpica de Bergantiños, o Consello ratificou a presentación dun contencioso-administrativo contra a concesión dunha licenza para a construción de varios edificios de apartamentos e vivendas no lugar de Canido. Os supostos nos que incorre esta concesión son:

- Outorgamento de licenza sen a previa delimitación do polígono requisito inescusable para o cumprimento dos deberes de cesión, urbanización e xusta distribución de beneficios e cargas e sen a previa aprobación do proxecto de urbanización
- Recoñecer aos propietarios dos terreos dereitos e facultades que non lle corresponden segundo o réxime previsto para solo urbano non consolidado
- Outorgar a licenza sen que os terreos reúnan os requisitos para ser considerados solo urbano consolidado nin solar e autorizar un proxecto con incumprimento das condicións de edificación da ordenanza, incumprimento dos límites de sustentabilidade e con infracción das normas de aplicación directa



Fisterra

Polo que atinxe ao Concello de Fisterra, o Consello ratificou a presentación dun recurso contencioso-administrativo contra a concesión de cinco licenzas para a construción de vivendas en Escaselas, na marxe dereita da Recta da Anchoa, na estrada C-552, que une A Coruña con Fisterra.

Segundo a Asesoría Xurídica da Xunta, a licenza concedida á entidade Plaza Garden, S.L. incorre en tres causas de nulidade de pleno dereito: o outorgamento de licenza sen a previa aprobación do instrumento de equidistribución e sen a previa aprobación do proxecto de urbanización, atopándose suspendido o outorgamento de licenzas no ámbito da unidade de execución; por recoñecerlles aos propietarios dos terreos dereitos ou facultades que non lle corresponden segundo o réxime xurídico previsto no artigo 20 da Lei 9/2002, para o solo urbano non consolidado; e por constituír reserva de dispensación prohibida polo artigo 101.2 da Lei 9/2002, ao outorgar a licenza sen o cumprimento previo dos deberes de cesión, xusta distribución e urbanización, sen que os terreos reúnan a condición de soar así como polo incumprimento dos límites de sustentabilidade.

En canto ás licenzas outorgadas ás entidades Poalsa Inmobiliaria, S.L. e L-Tres Proinves, S.L., Fisteracons, S.L. e Campoalsa, S.L., a Asesoría Xurídica sostén que incorren nas seguintes causas de nulidade: outorgamento de licenza sen previa delimitación de polígono; recoñecemento aos propietarios dos terreos dereitos ou facultades que non lle corresponden segundo o réxime xurídico previsto no artigo 20 da Lei 9/2002, para o solo urbano non consolidado; e constituición de reserva de dispensación prohibida polo artigo 101.2 da Lei 9/2002, ao outorgar a licenza sen o cumprimento previo dos deberes de cesión, xusta distribución e urbanización, sen que os terreos reúnan a condición de solar así como polo incumprimento dos límites de sustentabilidade.

Así mesmo, o Consello da Xunta acordou na súa reunión deste xoves a interposición dun recurso contencioso administrativo contra o rexeitamento do requirimento efectuado pola Consellería de Política Territorial solicitando a anulación de 40 licenzas urbanísticas aprobadas polo municipio de Foz con data de 29 de marzo de 2006.



## A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO AGROALIMENTARIO DE LUGO ESTARÁ OPERATIVA ESTE MES DE ABRIL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se achegan 150.000 euros para a posta en marcha deste centro, que estará situado na Cidade da Muralla
- A orientación do Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo, CETAL, terá en conta os recursos agrarios característicos do noroeste peninsular, os recursos humanos das universidades galegas e dos centros de investigación e desenvolvemento propios, así como da iniciativa empresarial privada
- A institución nace co obxecto de promover, impulsar e apoiar a mellora sistemática da competitividade dos produtos agroalimentarios, así como a súa innovación para a súa continua adaptación ás demandas dos mercados

A Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo, CETAL, estará operativa este mesmo mes de abril logo de que o Consello da Xunta, na súa reunión deste xoves, autorizase a participación da Xunta cunha achega de 150.000 euros para a súa posta en marcha. Un total de catro consellerías do Goberno galego participan nesta iniciativa –Educación e Ordenación Universitaria, Innovación e Industria, Medio Rural e Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible- con cadansúa achega económica de 37.500 euros, promovida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Así, a posta en marcha da Fundación CETAL, é o primeiro paso para a constitución do centro propiamente dito, que nace co obxecto de promover, impulsar e apoiar a mellora sistemática da competitividade dos produtos agroalimentarios, así como a súa innovación para a súa continua adaptación ás demandas dos mercados, tanto nacionais como internacionais, e a sustentabilidade económica das empresas e dos negocios agroalimentarios.

Así, o CETAL canalizará e optimizará iniciativas de industrialización agroalimentarias baseadas na innovación e na alta tecnoloxía. Para iso terá en conta o potencial agrario da súa área de influencia, os recursos humanos das universidades e doutros centros de investigación e a iniciativa económica, tanto a achegada polas administracións públicas, como a procedente das empresas privadas.

Neste sentido, a orientación do centro canalizará os recursos agrarios característicos do noroeste peninsular e os recursos humanos procedentes das universidades e dos centros de investigación e desenvolvemento de Galicia, así como a iniciativa empresarial da área de influencia do centro.



A posta en marcha do CETAL está a ser promovida directamente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que asinou un convenio, para este cometido, coa Alcaldía de Lugo.



## MEDIO RURAL PORÁ EN FUNCIONAMENTO UN DISPOSITIVO DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA DISUASORIA E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- Neste dispositivo, o Goberno galego investirá un total de 9,9 millóns de euros
- O dispositivo estará integrado por 60 brigadas de vixilancia móbil, 51 brigadas de reforzo de verán, tres especiais helitransportadas e dez brigadas helitransportadas

A Consellería do Medio Rural xestionará, a través da empresa pública Seaga, un dispositivo para a realización de traballos ligados á prevención, vixilancia disuasoria e extinción de incendios forestais que disporá dun orzamento de 9.906.779 euros, segundo acordou o Consello da Xunta.

Este dispositivo estará integrado por 60 brigadas de vixilancia móbil, 51 brigadas de reforzo de verán, tres especiais helitransportadas e dez brigadas helitransportadas.

O período de funcionamento será de catro meses para as brigadas de vixilancia móbil e de reforzo terrestres e helitransportadas e de cinco meses para as brigadas especiais coincidindo coa época de maior risco de incendio. As brigadas localizaranse en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Debido ás necesidades de formación, previamente á súa plena disposición, realizarase un curso teórico-práctico de formación de técnicos, xefes de brigada, peóns condutores e peóns. No curso deberá participar persoal técnico e de gardería dos servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais, co obxecto de coñecer o funcionamento do operativo no cal se integrarán as brigadas.

Con este acordo, o Goberno galego pretende levar a cabo un labor de vixilancia e disuasorio para a prevención de incendios forestais. O obxectivo último é reducir as superficies queimadas polo lume e minorar os danos económicos, sociais e culturais que estes poidan provocar na comunidade galega.

A dotación de persoal completarase coa próxima convocatoria de contratación de persoal para a prevención e extinción de incendios forestais, que se elevará á consideración do Consello da Xunta en próximas datas.



## A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA COLABORARÁN NA REFORMA DAS PISTAS DO INEF

- O orzamento previsto para a realización da obra supera o millón e medio de euros.
- O proxecto, realizado polo estudio Naos Arquitectura, inclúe un edificio de vestiarios, un campo de fútbol de herba natural e reforma das pistas de atletismo.

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, remodelará o complexo de atletismo do INEF en Oleiros, tras ser aprobado o convenio entre a universidade coruñesa e a Consellería de Cultura no Consello de hoxe.

Tras esta aprobación, procederáse á construción dun edificio de vestiarios e aseos, así como tres módulos de bancadas no interior do complexo de atletismo do INEF. Nesta construción, dunha única planta, disporanse dous vestiarios e outros dous destinados só a xuíces, dous aseos, un almacén, un cuarto de instalación, control e distribuidor. O edificio está formado por módulos móbiles, que teñen como obxecto poder adaptarse ao crecemento futuro da instalación.

Ademais, construíranse tres módulos de bancadas exteriores e independentes, cun aforo de 72 espectadores cada un, e un campo de fútbol de céspede natural, substituíndo as instalacións e o campo existente.

### Pista de atletismo

As pistas existentes necesitan unha reforma total, polo que se substituirá a totalidade do pavimento por un de caucho, así como o cambio do equipamento que se encontra en mal estado.

O orzamento previsto para a realización da obra supera o millón e medio de euros, e está previsto que as obras estean rematadas entre o 2007 e o 2008.



## INICIADAS AS OBRAS DA SEGUNDA FASE DO PARQUE ARQUEOLÓXICO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO

- A Xunta de Galicia abre a licitación das obras, que teñen un custo superior aos 5 millóns de euros
- O financiamento de contrato das obras está compartido ao 50 por cento entre a Consellería de Cultura e o Ministerio de Fomento

A Xunta de Galicia abrirá a segunda fase do proxecto de acondicionamento do Parque Arqueolóxico e Centro de Interpretación da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra) coa tramitación do expediente de contrato de obras que hoxe autorizou o Goberno galego. Esta intervención de máis de cinco millóns de euros está financiada a partes iguais entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte e o Ministerio de Fomento.

A segunda fase das obras do proxecto de acondicionamento e adecuación do Parque Arqueolóxico vai establecer as condicións axeitadas de protección e accesibilidade dos conxuntos de petróglifos situados dentro da área de actuación. Ao mesmo tempo, pretende levar a cabo unha recuperación paisaxística da zona á cal dotará dun equipamento adecuado para facilitar o acceso ao visitante

Co obxectivo de continuar coa ordenación do Parque Arqueolóxico e co Centro de Interpretación a Consellería de Cultura propón no Consello da Xunta a autorización da tramitación do expediente de contrato de obras mediante concurso aberto e en trámite de urxencia. O financiamento desta intervención nace dun convenio realizado o pasado ano entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Ministerio de Fomento que ascende a 5.335.872 euros ao que contribúen por igual as dúas administracións e que serán aplicados en tres anualidades.

Cunha superficie de 220.000 metros cadrados e cun contorno de protección ao seu arredor de máis de un millón de metros cadrados, o investimento fará do parque un foco de desenvolvemento para toda a comarca.

### Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre constitúe un dos catro parques proxectados dentro da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico e será referente clave para poder protexer e coñecer a arte rupestre. Estará formado por un rodeiro para visitar os petróglifos ou gravados na pedra e por un centro de interpretación e de investigación. No pasado ano xa se levaron a cabo os traballos de acondicionamento do contorno, movemento de terras e cimentación do centro.

A área que delimita o parque conta con máis de 80 rochas con gravados na pedra e albergará un antigo poboado relacionado co grupo que elaborou os petróglifos. Esta





segunda fase establece o acondicionamento do terreo para ser visitado e o seu tratamento para facilitar o recoñecemento dos debuxos inscritos nas rochas. Crearase unha rota especialmente sinalizada e con información sobre a orixe das mostras de arte rupestre e sobre as técnicas empregadas para a súa elaboración.

Por outra banda, o centro de interpretación estará construído en dous andares. No primeiro deles haberá dúas grandes salas para exposicións e tamén estarán situadas a cafetería e unha tenda. O segundo andar contará coa biblioteca e o centro de documentación, o laboratorio, unha sala de usos múltiples e diversas aulas.



## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PRORROGA O SEU CONTRATO-PROGRAMA CO CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA PARA OS TIPAXES DOS DOADORES DE MEDULA ÓSEA E DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na sesión de hoxe unha addenda ao contrato entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia cun orzamento de 241.167 euros para a realización de tipaxes de histocompatibilidade aos doadores de medula ósea e de sangue de cordón umbilical para transplante de proxenitores hematopoéticos de doador non emparentado.

Trátase da sétima addenda a este contrato dende a súa sinatura o 1 de agosto de 2004, formalizado para establecer as prestacións sanitarias así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria que realizará o Centro de Transfusión de Galicia.

En concreto, o Servizo Galego de Saúde e o Centro de Transfusión de Galicia colaboran mediante a sinatura deste convenio na realización de tipaxes (análises que permiten comprobar a compatibilidade do doador e do paciente) aos doadores de medula ósea e sangue de cordón umbilical que forman parte do Rexistro de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

O Servizo Galego de Saúde achegará ao Centro de Transfusión de Galicia a cantidade de 241.167 euros distribuídos en dúas anualidades de 152.500 euros no ano 2007, e 88.667 no ano 2008. Pola súa banda, o Centro de Transfusión de Galicia comprométese a facer primeiro a selección de candidatos a doadores a través dun consentimento informado e a súa inclusión no rexistro de doadores de medula ósea de Galicia, e en segundo lugar, o Centro tamén realizará as tipaxes garantindo as condicións técnicas e de calidade.

### Labor do Centro de Transfusión de Galicia

A consecución de doazóns de medula ósea comeza coa tarefa de informar os potenciais doadores das características dos procesos para obter proxenitores hematopoéticos ou células nai: da medula ósea ou de sangue periférico.

A aceptación do doador tradúcese no asinamento dun consentimento informado e a obtención dunha pequena mostra de sangue para realizar a tipaxe de histocompatibilidade. En España, a busca de doador non familiar compatible realízase a través de REDMO, que na actualidade conta con máis de 57.850 doadores voluntarios rexistrados e máis de 23.000 unidades de sangue de cordón umbilical.



A base da addenda ao contrato-programa que se subscribe con Centro de Transfusión de Galicia é o mantemento do Rexistro de Doadores de Medula Ósea na nosa comunidade autónoma, coa realización de 200 tipaxes de histocompatibilidade.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ OBRAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NOS CONCELLOS LUCENSES DE RIBAS DE SIL E LUGO, ONDE INVESTIRÁ 1,9 MILLÓNS DE EUROS

- No Concello de Lugo realizaranse melloras nas infraestruturas hidráulicas de varias parroquias do municipio, que serán financiadas mediante un convenio de colaboración entre as administracións autonómica e local, cun importe de 1.557.694 euros
- As obras de saneamento e abastecemento en Ribas de Sil contarán cun investimento de 407.428 euros que asumirá na súa totalidade a Consellería de Medio Ambiente

A Consellería de Medio Ambiente realizará obras de abastecemento e saneamento nos concellos lucenses de Ribas do Sil e Lugo, que suporán un investimento total de 1.965.122 euros. No concello de Lugo, realizaranse varias melloras nas infraestruturas hidráulicas do municipio mediante un convenio de colaboración entre a Administración local e a autonómica, que hoxe aprobou o Consello da Xunta, que tamén autorizou o financiamento do abastecemento e saneamento no municipio de Ribas de Sil.

### Lugo

As obras previstas no concello de Lugo corresponden á primeira fase do proxecto de mellora de infraestruturas hidráulicas en varias parroquias do municipio, e contan cun orzamento de 1.557.694 euros. A Consellería de Medio Ambiente destinará 1.090.386 euros a estes traballos, o que supón o 70% do seu custo, mentres que a administración local sufragará o 30% restante, por un importe de 467.308 euros.

O convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Lugo inclúe as obras de saneamento e abastecemento na Rubiana e Camiño de Liñares, por un importe de 194.010 euros; o abastecemento e saneamento en Bosende, cun investimento de 630.834 euros; a mellora dos sistemas de auga na Piringalla, que terán un custo de 628.057 euros; e o abastecemento e saneamento no núcleo de Casas Novas, en Piugos, que conta cun orzamento de 104.791 euros.

### Ribas do Sil

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente, a través do organismo autónomo de Augas de Galicia, investirá 407.428 euros en obras de saneamento e abastecemento en varios núcleos do municipio de Ribas do Sil que teñen actualmente un servizo deficiente debido á deterioración ou antigüidade da rede.

Estas actuacións contan cun prazo de execución de catro meses e incluírán a renovación do abastecemento nas parroquias de Torbeo, Relosio e Castro, coa



instalación de novos tubos de condución, saneamento ou rego, así como a reparación dos depósitos de auga sitos no Coto e Moreiras.

No núcleo de San Clodio tamén se mellorará o abastecemento coa colocación dun novo tubo de impulsión de 125 milímetros de diámetros e un novo tubo de abastecemento de auga. Tamén se realizarán obras para mellorar o estado de deterioración da rede de saneamento a este núcleo, concretamente nos tramos da praza do Ladrillo e na rúa Ferrocarril.



## A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS EN VARIAS PARROQUIAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, que achegará o 70% do custo das obras, e o Concello de Santiago de Compostela, que asumirá o 30% restante
- As actuacións consistirán no saneamento e depuración de augas nas parroquias de Nemenzo, Enfesta e A Sionlla; depuración de augas e colector principal en Lavacolla (San Paio) e abastecemento en Miramontes

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá varios proxectos de mellora nas infraestruturas hidráulicas de parroquias do Concello de Santiago de Compostela, unha vez que o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Administración autonómica e a local para a realización das obras, por un importe total de 1.051.630 euros.

O departamento autonómico farase cargo do 70% do financiamento, o que supón o investimento de 736.141 euros, que se realizará a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), mentres que o concello de Santiago asumirá o 30% do custo, coa achega de 315.489 euros. As obras previstas beneficiarán ás parroquias de Nemenzo, Enfesta, A Sionlla, A Lavacolla e Miramontes.

Os traballos consistirán no saneamento e depuración de augas residuais en Nemenzo, Enfesta e A Sionlla, cun importe total de 606.452 euros; a depuración de augas residuais e colector principal na Lavacolla (San Paio), no cal se investirán 347.964 euros; e o abastecemento de auga potable en Miramontes, que conta cun orzamento de 97.212 euros.

### Punto limpo

Así mesmo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Sobrado dos Monxes (A Coruña) para a construción dun punto limpo neste municipio. O proxecto contará cun investimento de 230.018 euros que será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente.

O punto limpo estará situado no monte Agua Lavada, preto da capital municipal de Sobrado dos Monxes, e contará cunha superficie de 1.164 metros cadrados. O proxecto para a súa construción incluírá a urbanización e axardinamento da zona, a instalación de colectores, sinalización, unha caseta de almacén e outra de recepción, peche da zona e a construción dun recinto para plásticos agrícolas.



## MEDIO AMBIENTE DESTINA 319.556 EUROS Á AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO DE AUGA A FORNELOS DE MONTES (PONTEVEDRA)

A Consellería de Medio Ambiente destina 319.556 euros á ampliación do abastecemento de auga á localidade de Fornelos, no concello pontevedrés de Fornelos de Montes. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico- financeira para acometer este proxecto, que será financiado na súa totalidade polo departamento autonómico.

O proxecto de ampliación do abastecemento de auga a Fornelos ten un prazo de execución de seis meses. As obras consistirán na instalación dun novo depósito de 450 metros cúbicos de capacidade e aseguramento sanitario da auga para 4000 l/h, ademais da instalación de 2.200 metros de tubo de conexión entre o novo depósito e o da Portela; 2.025 metros de aducción e 5.610 metros de rede de distribución.

## TRABALLO SUBVENCIONARÁ CON 3,1 MILLÓNS DE EUROS ACCIÓNS DE FORMACIÓN DIRIXIDAS A TRABALLADORES OCUPADOS

- O Goberno galego aprobou a orde pola que se convocan axudas para a posta en marcha de actividades de formación continua para o ano 2007

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a traballadores ocupados para o ano 2007. Ademais, tamén se aprobou a concesión de anticipos de ata o 65% das axudas destinadas ás accións para os traballadores ocupados, que contarán cun orzamento de máis de 3,1 millóns de euros.

A formación profesional continua ten como finalidade proporcionarlles aos traballadores ocupados a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral. O obxectivo é que obteñan coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisan as empresas, para facelos máis competitivos no mercado laboral.

As accións subvencionables serán aquelas dirixidas á adquisición de competencias profesionais teóricas ou prácticas estruturadas nunha unidade pedagóxica. A duración das accións non superará as 250 horas, e en ningún caso terán unha duración inferior ás 10. Os destinatarios destas actividades de formación son os traballadores ocupados nas pequenas e medianas empresas, e os socios traballadores das entidades de economía social, así como os autónomos.

Por outro lado, terán prioridade as persoas maiores de 45 anos en sectores en que se introduzan as novas tecnoloxías, traballadores con dificultades para o acceso á formación, e os propietarios e traballadores de microempresas ou traballadores de zonas afastadas da oferta formativa. Tamén se priorizará a participación dos traballadores de Pemes, dos traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos e das mulleres con independencia do sector produtivo en que se atopen.

As contías destinaranse a compensar os custos derivados da execución das actividades, sempre e cando se trate de gastos elixibles e se xustifiquen. Naquelas accións dirixidas especificamente a discapacitados incrementarase o importe total nun 35%, co obxecto de financiar o persoal de apoio e a adaptación curricular ou do material didáctico necesario. Poderán ser entidades beneficiarias da concesión destas subvencións as empresas, agrupacións de empresas, universidades públicas galegas, corporacións con dereito público e centros incluídos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Traballo.



## A CONSELLERÍA DE TRABALLO DESTINA MÁIS DE 630.000 EUROS AO FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- O Goberno galego asinará un convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia e as tres centrais sindicais con maior representación na Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo, a Confederación de Empresarios de Galicia e as organizacións sindicais UGT-Galicia, CCOO de Galicia e a CIG, que contará cun orzamento de máis de 630.000 euros. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as institucións asinantes para o desenvolvemento de actividades e accións de prevención de riscos laborais.

Así, as actividades formativas que se impartirán consistirán na realización de cursos de nivel básico de servizos de prevención, de 30 a 50 horas; cursos de prevención de nivel superior, cunha duración de 600 horas; así como xornadas técnicas e seminarios de prevención de riscos laborais, cunha duración mínima de 5 ou 6 horas.

A finalidade da posta en marcha destas actividades formativas é facilitar aos participantes a capacitación precisa para desenvolver as funcións atribuídas pola Lei de prevención de riscos laborais. Tamén se pretende fomentar a cultura da prevención na xestión empresarial e facilitar as ferramentas básicas para avaliar, xestionar e controlar os riscos laborais.

A sinatura destes convenios está xustificada pola necesidade de adoptar medidas para garantir que o traballo se realice de forma segura, polo que o coñecemento dos riscos e medidas preventivas ten unha especial importancia. O Goberno galego é consciente de que este reto só pode garantirse por medio da información e a formación dos traballadores sobre seguridade e saúde.

Nesta tarefa, as organizacións empresariais e sindicais deben desempeñar un papel protagonista e determinante. Pola súa banda, a Administración debe desenvolver o papel de coordinadora e dinamizadora das actividades que os axentes sociais programen no marco das súas competencias e das súas funcións.

## O GOBERNO GALEGO ACHEGA 5,2 MILLÓNS DE EUROS Á RECUPERACIÓN DE 866 VIVENDAS NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN DE CENTROS HISTÓRICOS E ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o asinamento dos acordos de colaboración entre a Consellería, o Ministerio de Vivienda e os concellos para financiar os obxectivos de 2006 con cargo ás anualidades de 2007, 2008 e 2009
- As axudas van destinadas a propietarios de vivendas de 37 áreas de rehabilitación, 24 áreas de rehabilitación de centros históricos – ARCH- e 13 áreas de rehabilitación integral -ARI- de 31 concellos

A Consellería de Vivenda e Solo dedica 5.282.550 euros para financiar a recuperación de 866 vivendas nas Áreas de Rehabilitación de Centros Históricos (ARCH) e Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) de Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe o asinamento dos acordos de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, o Ministerio de Vivienda e os concellos, acordos que incluírán, ademais dos 5,2 millóns de euros que achega a Consellería de Vivenda e Solo, as cantidades que achegarán o Ministerio de Vivenda, os concellos e os propietarios das vivendas para financiar os obxectivos marcados para o 2006 dentro do Plan de Vivenda 2005-2008.

Estes obxectivos, 866 en total, serán financiados con cargo aos orzamentos dos próximos tres anos: 528.255 euros en 2007, 1.584.765 euros en 2008 e 3.169.530 euros en 2009. As axudas correspondentes a 2007 poderán ser aboadas aos concellos inmediatamente despois da sinatura dos acordos se así o solicitan. O resto das axudas serán aboadas unha vez realizadas e certificadas as obras de rehabilitación.

A Consellería de Vivenda e Solo dedica 2.164.500 euros á recuperación de 333 vivendas en 24 Áreas de Rehabilitación de Centro Histórico en: A Coruña, Betanzos, Corcubión, Ferrol, Muros, Noia, Santiago, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Viveiro, Allariz, Castro Caldelas, Celanova, Ourense, Ourense-Seixalbo, Ribadavia, Verín, Cambados, Tui, Vigo e Vigo-Bouzas.

No caso das Áreas de Rehabilitación Integral, a Consellería dedica 3.118.050 euros á recuperación de 533 actuacións en 13 ARI: A Coruña-Sagrada Familia, Ferrol-A Graña, Neda, Mugar dos, Padrón, Santiago de Compostela-Vista Alegre, Chantada, Lourenzá, Sarria, Vilalba, Cangas, Vilagarcía-Carril e Vilagarcía-Vilaxoán.



Estes acordos de colaboración en materia de rehabilitación establecen en cada caso o número de obxectivos que se recuperarán e a subvención económica da Consellería de Vivenda, do Ministerio e do Concello, así como a aportación que farán os propietarios das vivendas. Tamén inclúen a posibilidade de que os concellos efectúen obras de urbanización ou reurbanización de rúas e prazas do contorno das vivendas rehabilitadas.

O Plan de Vivenda 2005-2008 establece axudas á rehabilitación destinadas aos propietarios das vivendas integradas nas ARIs de ata un 80% do orzamento protexible, ata un máximo de 9.000 euros. No caso das ARCH as axudas poden supor ata un 80% do orzamento protexible, por un importe máximo de 11.000 euros. Así mesmo, en ambos os casos prevense subvencións aos concellos, de ata o 50% nas ARI e ata 60% nos ARCH, para obras de urbanización e reurbanización de prazas e rúas no entorno das vivendas rehabilitadas.

A Consellería de Vivenda e Solo fixa como unha liña prioritaria de actuación a recuperación do patrimonio construído, neste caso mediante procesos de rehabilitación e de renovación do parque de vivendas xa existentes nos centros históricos, zonas vellas e nos barrios de cidades e vilas, en particular aqueles construídos na segunda metade do século XX, por exemplo o de Vista Alegre en Santiago de Compostela ou o da Sagrada Familia na Coruña.

## A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE CELANOVA NA URBANIZACIÓN DOS ACCESOS AO BURGO MEDIEVAL DE VILANOVA DOS INFANTES

- Esta actuación suporá un investimento de 300.000 euros, dos que a Consellería de Vivenda e Solo achegará 150.000 euros, e a Consellería de Innovación e Industria o 50 por cento restante
- As obras de urbanización acometeranse en dúas fases e consistirán no acondicionamento dos principais percorridos do Burgo Medieval

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio entre as Consellerías de Vivenda e Solo e Innovación e Industria co Concello de Celanova para a urbanización dos accesos ao Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes.

Esta actuación suporá un investimento de 300.000 euros e forma parte do Plan Especial de protección do conxunto, para contribuír á recuperación dun recinto urbano de valor singular a través do acondicionamento dos principais percorridos cara aos contornos monumentais máis significativos.

A través do convenio de colaboración que se asinará nos próximos días, a Consellería de Vivenda e Solo financia o 50 por cento das obras de urbanización cunha achega de 150.000 euros, e a Consellería de Innovación e Industria financiará o 50% restante que completa o investimento total.

As obras consistirán na urbanización dos accesos que enlazan coas obras xa executadas no ámbito da Torre do Homenaxe e no espazo urbano comprendido pola Praza do Balcón e a Praza do Recreo. As obras acometeranse en dúas fases.

A primeira fase comprende o acondicionamento da estrada de acceso que bordea o núcleo histórico consolidado polo seu lado oeste, así como a rúa que enlaza coa Praza Maior.

A segunda fase de urbanización inclúe a totalidade do percorrido ao interior do núcleo da denominada Rúa da Igrexa. O conxunto de espazos urbanos que se articula nesta rúa comprende, como actuación singularizada dentro do propio proxecto, unha prolongación a modo de pequena praza no tramo de enlace coa estrada de Celanova. Unha das actuacións fundamentais da urbanización consistirá en suprimir os tendidos aéreos e o gran número de postes existentes



Pola súa banda, a través da sinatura do convenio, o Concello de Celanova asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e autorizacións e licenzas que sexan necesarias

## A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO CEDE UNHA PARCELA URBANA DE 1.231 METROS CADRADOS AO CONCELLO DO CARBALLIÑO

- O predio denominado Monte Uceira, situada no barrio de Framia parroquia de Arcos, foi segregada dun predio maior na que hai un grupo de vivendas protexidas

A Consellería de Vivenda e Solo cederá gratuitamente unha parcela urbana de 1.231 metros cadrados ao Concello do Carballiño a través dun convenio de colaboración que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Trátase dunha parcela denominada Monte Uceira, situada no barrio de Framia parroquia de Arcos. Orixinalmente esta parcela formaba parte dun predio maior, cunha superficie total de 3.331 metros cadrados, na cal hai un grupo de vivenda protexidas. As vivendas foron entregadas aos seus adxudicatarios no ano 2002 e posteriormente acordouse co Concello a cesión gratuíta do resto do predio.

O Concello do Carballiño tan só deberá facerse cargo dos gastos, contribucións e impostos a que dea lugar a cesión, a formalización da escritura pública e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe a nacionalista Teresa Táboas, ten entre as súas competencias a venda ou cesión gratuíta de patrimonio a outras administracións, sobre todo cando este patrimonio ten como destino o seu uso social.